

ACTA NÚM. 7/2024.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 19 DE XUÑO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de xuño de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29.05.2024.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.04.2024 AO 14.06.2024.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE AMES, DODRO E PADRÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA".

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

5º) MOCIÓNS.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29.05.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 6/2024, do 29.05.2024. Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos nove membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.04.2024 AO 14.06.2024.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00212/2024	15/04/2024	DECRETO CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 16/04/24 ÁS 14:00 HORAS
00213/2024	16/04/2024	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000538243
00214/2024	16/04/2024	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000598039
00215/2024	16/04/2024	DECRETO APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS. TRIBUNAL E CONVOCATORIA PROBA. PEL 2024.
00216/2024	16/04/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031451
00217/2024	16/04/2024	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.
00218/2024	16/04/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS MARZO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00219/2024	17/04/2024	M.C. Nº 04/2024: IRC 2023/2024 FINANCIADA ÍNTEGRAMENTE CON COMPROMISOS DE ACHEGA (PGFA ESPAR, GONDA E TELLE)
00220/2024	17/04/2024	DESIGNACIÓN DE LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTOS DE CAMPAÑA NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO DE XUÑO DE 2024
00221/2024	17/04/2024	DESIGNACIÓN DE LUGARES PARA A COLOCACIÓN DE PROPAGANDA ELECTORAL NAS ELECCIÓNS EUROPEAS
00222/2024	17/04/2024	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE: AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.
00223/2024	17/04/2024	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍAS DEFINITIVAS
00224/2024	17/04/2024	MODIFICACIÓN DE COTA TRIBUTARIA DE VARIOS RECIBOS NO PADRÓN DO LIXO DE 2024
00225/2024	18/04/2024	CORRECCIÓN DE ERRO NO DECRETO 224/2024 DE MODIFICACIÓN DE COTA TRIBUTARIA DE VARIOS RECIBOS NO PADRÓN DO LIXO DE 2024
00226/2024	19/04/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/17 CONTRATO
00227/2024	19/04/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/19 (+3.000)
00228/2024	19/04/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/18
00229/2024	23/04/2024	MODIFICACIÓN DA TAXA TRIBUTARIA DO RECIBO CON

		NÚMERO FIXO 253000461622
00230/2024	24/04/2024	APROBACIÓN CERT. Nº 1 OBRA MELLORA DO VIARIO EN A TELLEIRA
00231/2024	24/04/2024	AMPLIACIÓN SAF EXPTE.15/2023-M
00232/2024	24/04/2024	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ROUPA DE TRABALLO PARA A CUADRILLA PERMANENTE DE OBRAS E SERVIZOS.
00233/2024	25/04/2024	APROBACIÓN CERT. Nº 2 OBRA MELLORA DE VIARIO EN A TELLEIRA
00234/2024	26/04/2024	APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO POS + 2024 SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE
00235/2024	26/04/2024	APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO POS + 2024 SENDA ALDEA CANTALARRANA A ALDEA O CABO
00236/2024	26/04/2024	APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO POS + 2024 MELLORA VIARIO ALDEA DE CORUXIDO A SABAXÁNS
00237/2024	29/04/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 30/04/2024, ÁS 14:00H.
00238/2024	29/04/2024	M.C. Nº 05/2024: X.C. SUBVS. XUNTA DE GALICIA (APROL 2024, DINAM 2024 E PARA ACTUACIÓNS CORRECCIÓN IMPACTOS PAISAXÍSTICOS 2024 MT402B)
00239/2024	29/04/2024	DESIGNACIÓN POLICÍAS LOCAIS PARA A XORNADA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS EUROPEAS DE 9 DE XUÑO
00240/2024	29/04/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE ABRIL 2024.
00241/2024	30/04/2024	ALTAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2024
00242/2024	30/04/2024	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2024
00243/2024	30/04/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZO DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - ABRIL 2024
00244/2024	30/04/2024	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031576
00245/2024	30/04/2024	APROBACIÓN DE NÓMINA POR ATRASOS DO 0,5%.
00246/2024	03/05/2024	DESESTIMACIÓN SOLICITUDE DE CONSTITUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA MEDIANTE RETENCIÓN NO PREZO
00247/2024	03/05/2024	APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E CONVOCATORIA DE EXAMEN -PEÓN GES
00248/2024	03/05/2024	ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA: PRÉSTAMO REEMBOLSABLE SEN XUROS, POLO IDAE
00249/2024	06/05/2024	CORRECCIÓN DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E CONVOCATORIA DE EXAME.
00250/2024	06/05/2024	M.C. Nº 06/2024: X.C. SUBV. XUNTA DE GALICIA PROGRAMA DE PLAN CORRESPONSABLES NO ÁMBITO LOCAL (PROC. SI436A)
00251/2024	06/05/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 10.05.2024, ÁS 13:00H.
00252/2024	06/05/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 10.05.2024, ÁS 13:15H.
00253/2024	06/05/2024	CAMBIO DE TITULARIDADE DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000728557
00254/2024	06/05/2024	BAIXAS NO PADRÓN DO LIXO 2024
00255/2024	06/05/2024	ASIGNACIÓN DE NÚMERO A DÚAS VIVENDAS EN AVDA DE NOIA
00256/2024	07/05/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA 99500000031625
00257/2024	07/05/2024	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 13.05.2024, ÁS 13:00H.

00258/2024	07/05/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/22
00259/2024	07/05/2024	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E EMPRAZAMENTOS NO P.A. 0000081/2024-M.
00260/2024	07/05/2024	NOMEAMENTO LETRADO NO P.A. 0000081/2024-M.
00261/2024	07/05/2024	CAMBIOS DE TITULARIDADE DO LIXO 2024
00262/2024	07/05/2024	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031654
00263/2024	07/05/2024	INICIO NON IDENTIFICACIÓN CONDUTOR SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031653
00264/2024	07/05/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/21 (+3.000)
00265/2024	07/05/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/20 CONTRATO
00266/2024	08/05/2024	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 93
00267/2024	10/05/2024	SOLICITUDE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 2024
00268/2024	10/05/2024	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO LIXO 2024
00269/2024	10/05/2024	SUBVENCIÓN AULA MENTOR 2021-2022
00270/2024	13/05/2024	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
00271/2024	13/05/2024	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 169
00272/2024	13/05/2024	CONVOCATORIA XUNTA DA GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 14/05/2024, ÁS 14:00 HORAS
00273/2024	13/05/2024	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POLO PROGRAMA APROL RURAL (2024).
00274/2024	13/05/2024	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL POLO PROGRAMA PEL (2024)
00275/2024	13/05/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031705
00276/2024	13/05/2024	DESESTIMACIÓN SOLICITUDE AMPLIACIÓN PRAZO PARA PRESENTAR GARANTÍA DEFINITIVA
00277/2024	13/05/2024	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO
00278/2024	13/05/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCURRENCIA ABRIL
00279/2024	13/05/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA ABRIL
00280/2024	14/05/2024	REQUIRIMENTO RISGA 2019: TR351F 2019/21-1
00281/2024	14/05/2024	RESOLUCIÓN DE RECURSO ADMINISTRATIVO CONTRA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS. BOLSA PEÓN GES.
00282/2024	14/05/2024	PADRÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA EN GARAXES PARTICULARES 2023
00283/2024	15/05/2024	APROBACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS ABRIL 2024. MODELO IRPF 111, 115 E IVE 303.
00284/2024	15/05/2024	RECOÑECIMENTO E PAGO VI PREMIO LAUDAMUCO 2024
00285/2024	15/05/2024	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2024/25
00286/2024	15/05/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031762
00287/2024	20/05/2024	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SERVIZO DE SUBMINISTRACION DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA 1º TRIMESTRE DE 2024
00288/2024	20/05/2024	INICIO EXPTE REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA POR OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO
00289/2024	21/05/2024	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE

		TRÁFICO 99500000031782
00290/2024	21/05/2024	INICIO NON IDENTIFICACIÓN CONDUTOR SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031781
00291/2024	22/05/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 28.05.2024, ÁS 13:00H.
00292/2024	22/05/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 28.05.2024, ÁS 13:15H.
00293/2024	22/05/2024	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. MAIO 2024.
00294/2024	22/05/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS CONCILIA BRIÓN - VERÁN 2024.
00295/2024	23/05/2024	ADSCRICIÓN DO PERSOAL E MAQUINARIA AO PROGRAMA DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS 2024
00296/2024	24/05/2024	APROBACIÓN PARA ADAPTACIÓN A REQUERIMENTO PLAN CONCERTADO 2024
00297/2024	24/05/2024	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 29.05.2024, ÁS 13:00H.
00298/2024	24/05/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ESCOLAS MUSICAIS 2024/2025.
00299/2024	27/05/2024	APROBACIÓN CORRECCIÓN DE ERROS ARITMÉTICOS DO IMPORTE DA FIANZA DEFINITIVA DO CONTRATO DO SAF
00300/2024	27/05/2024	APROBACIÓN CONVENIO CON SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHÜÍ 2024
00301/2024	27/05/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 28/05/2024 ÁS 14:00 HORAS
00302/2024	27/05/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/23 ENERXÍA ELÉCTRICA
00303/2024	27/05/2024	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE.02/2024-M
00304/2024	27/05/2024	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2023/2024.
00305/2024	28/05/2024	PADRÓN ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2023/2024
00306/2024	28/05/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 185
00307/2024	28/05/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031883
00308/2024	29/05/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/25 CONTRATO
00309/2024	29/05/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/24
00310/2024	29/05/2024	APROBACIÓN DE LISTADO PARA PAGAMENTO DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN CURSO 2023-2024
00311/2024	29/05/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE MAIO 2024.
00312/2024	30/05/2024	CAMBIO DE NÚMERO DUNHA VIVENDA NO LUGAR DE CASALDOEIRO
00313/2024	30/05/2024	APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS ESCOLAS CULTURAIS 2023/2024.
00314/2024	30/05/2024	APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN RISGA 2024 E NOMEAMENTO DE TRIBUNAL
00315/2024	30/05/2024	ADXUDICACION DEFINITIVA DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2024/25
00316/2024	31/05/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO 2024
00317/2024	31/05/2024	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO 2024
00318/2024	31/05/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - MAIO 2024
00319/2024	31/05/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 17.04.2024 DE APROBACIÓN DO ESTUDO DE VIABILIDADE E

		ANTEPROXECTO DAS OBRAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN AUGA
00320/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 01RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DO LIXO
00321/2024	03/06/2024	DEVOLUCIÓN DAS CANTIDADES COMPENSADAS INDEBIDAMENTE POR SITUACIÓN DE IT DO PERSOAL
00322/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 02RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00323/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 03RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00324/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 04RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00325/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 05RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00326/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 06RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00327/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 07RL, 08RL, 09RL, 10RL, 11RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00328/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 12RL, 13RL, 14RL, 15RL, 16RL RECIBOS TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00329/2024	03/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 17RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00330/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 18RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00331/2024	04/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/26 (+3.000)
00332/2024	04/06/2024	PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2023/2024
00333/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 19RL, 20RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00334/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 21RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00335/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 22RL, 23RL, 24RL, 25RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00336/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 26RL, 27RL, 28RL, 29RL RECIBOS TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00337/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 30RL, 31RL, 32RL, 33RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00338/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 34RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00339/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 35RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00340/2024	04/06/2024	LIQUIDACIÓN Nº 36RL RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO
00341/2024	05/06/2024	NOMEAMENTO FUNCIONARIA DE CARREIRA E BOLSA DE EMPREGO.
00342/2024	05/06/2024	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/12.23 E LB/1.24 - DECEMBRO E XANEIRO
00343/2024	06/06/2024	LIQUIDACIÓN TAXA AUGAS DE GALICIA
00344/2024	06/06/2024	DEVOLUCIÓN FIANZA
00345/2024	06/06/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00346/2024	06/06/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 186
00347/2024	06/06/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 187
00348/2024	06/06/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00349/2024	06/06/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00350/2024	06/06/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00351/2024	06/06/2024	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA
00352/2024	07/06/2024	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTIVIDADES DE VERÁN PARA MAIORES 2024
00353/2024	10/06/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS MAIO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303

00354/2024	10/06/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 11/06/2024 ÁS 14:00
00355/2024	10/06/2024	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XUÑO
00356/2024	11/06/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 188
00357/2024	11/06/2024	PAGAMENTO ANUNCIO NOMEAMENTO PERSOAL FUNCIONARIO NO DOG
00358/2024	11/06/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO.
00359/2024	11/06/2024	PADRÓN ACTIVIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E DE OCIO SEGUNDO PRAZO CURSO 2023/2024
00360/2024	11/06/2024	APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2024 DA DEPUTACIÓN.
00361/2024	11/06/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA EXTRA DE XUÑO.
00362/2024	11/06/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA MAIO
00363/2024	11/06/2024	INCOACIÓN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POR RECHEO DE VARIAS FINCAS NO LUGAR DO RIAL
00364/2024	11/06/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MAIO
00365/2024	12/06/2024	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000031985
00366/2024	12/06/2024	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 12/2023
00367/2024	13/06/2024	APROBACIÓN DEFINITIVA PADRÓN DO LIXO 2024
00368/2024	13/06/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 18.06.2024, ÁS 13:00H.
00369/2024	13/06/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 18.06.2024, ÁS 13:15H.
00370/2024	14/06/2024	DECRETO DA CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 19.06.2024 ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE AMES, DODRO E PADRÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA".

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11.06.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18.06.2024, que transcrita di:

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Pleno do Concello en sesión do 21.10.2020, acordou:

1º) Aprobar a constitución da Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana As Pegadas de Rosalía, na que se integrará o Concello de Brión.

2º) Prestar conformidade ao borrador de estatutos da Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana As Pegadas de Rosalía que figuran como anexo.

3º) Designar como representante municipal de índole político ao alcalde do Concello de Brión e ao concelleiro/a de turismo. Designar como representante técnico ao xestor cultural – coordinador municipal de cultura.

4º) Facultar ao señor alcalde do Concello de Brión para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a xestión e execución deste acordo.

Segundo. A asociación referenciada non se constituíu porque houbo concellos que por diversas circunstancias non puideron adoptar o acordo.

Terceiro. Posteriormente remitiuse dende o departamento de cultura deste concello con data 22.05.2024 un informe proposta sobre Convenio de colaboración cos Concellos de Ames, Brión Padrón e Dodro para a xestión compartida da promoción turística da ruta rosaliana "As pegadas de Rosalía".

Cuarto. O 04.06.2024 a alcaldía asina Providencia pola que solicita os informes de secretaría e intervención municipais sobre a proposta de convenio e o seu sometemento á aprobación do Pleno.

Quinto. Constan no expediente os informes emitidos por secretaría e intervención.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que, de acordo ao informado por secretaría, debe entenderse que a proposta de Convenio de colaboración recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Ames, Brión e Dodro ao de Padrón para a xestión administrativa das actividades de fomento e promoción da ruta rosaliana e que esta responde, tal e como esixe o artigo 11.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), a motivos de eficacia: minimizar os custos de xestión e optimizar os recursos económicos das administracións implicadas.

Segundo. Considerando que a encomenda é respectuosa coa prohibición, recollida no mesmo artigo 11.1 da LRXSP, de non ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público, dado que as actividades de xestión e tramitación administrativa non son prestacións onerosas tal e como esixe o artigo 2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao definir o seu ámbito material de aplicación.

Terceiro. Considerando que o artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), atribúe ao municipio como competencia propia a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Cuarto. Considerando que o artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal para aprobar, entre outras materias, a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por Lei impóñanse obrigatoriamente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Desistir do acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 21.10.2020 transcrito, por non ter sido posible a súa execución, polos motivos expostos.

2º) Manifestar a vontade do Concello de Brión de adherirse ao Convenio de colaboración dos Concellos de Ames, Brión, Dodro e Padrón para a xestión compartida da promoción turística da ruta rosaliana "As Pegadas de Rosalía".

3º) Aprobar o texto do Convenio de colaboración cos Concellos de Ames, Brión, Dodro e Padrón para a xestión compartida da promoción turística da ruta rosaliana "As pegadas de Rosalía", cuxo texto se insire a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA"

En Padrón, a xx de xxxx de xxxx

REUNIDOS:

Os alcaldes dos seguintes concellos:

Don XXXXXXXXXX, con DNI XXXXXXX, alcalde do concello de Padrón (CIF XXXXXXX) que actúa en nome desta entidade.

Don XXXXXXXXXX, con DNI XXXXXXX, alcalde do concello de Ames (CIF XXXXXXX) que actúa en nome desta entidade.

Don XXXXXXXXXX, con DNI XXXXXXX, alcalde do concello de Brión (CIF XXXXXXX) que actúa en nome desta entidade.

Don XXXXXXXXXX, con DNI XXXXXXX, alcalde do concello de Dodro (CIF XXXXXXX) que actúa en nome desta entidade.

Todos en nome e representación do seu concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma; entre outras, en materia de prestación de servizos sociais.

Segundo.- De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar á veciñanza unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúrase como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA de investimentos, eventos, iniciativas turísticas, actuacións ou calquera tipo de accións e actividades promocionais da AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA 'AS PEGADAS DE ROSALÍA', mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA" que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial da xestión compartida das accións será o correspondente aos concellos sinalados na primeira páxina deste documento.

Terceira.- Obxectivos de colaboración.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

Promover o desenvolvemento turístico dos Concellos que pertencen á Ruta Rosaliana "As Pegadas de Rosalía", achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial da Coruña, da Comunidade Autónoma de Galicia, a Administración do Estado e Mancomunidades, ou calquera outra administración.

Promover a defensa e mellora do Patrimonio material e inmaterial da Ruta Rosaliana "As Pegadas de Rosalía" e/ou da figura de Rosalía de Castro.

- Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” .
- Canalizar a promoción turística da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía”, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- Desenvolver relacións de reciprocidade entre os Concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial da Coruña, da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración do Estado neste territorio.
- Representar aos Concellos da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía”, a figura de Rosalía de Castro e/ou o Patrimonio material e inmaterial que a rodea.

Cuarta.- Xestión compartida.

A xestión compartida das accións desenvoltas pola agrupación de concellos da Ruta Rosaliana ‘As Pegadas de Rosalía’ será realizada polo concello sinalado no anexo e incluírá todo o relacionado con aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo/acción compartida, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- Comisión Mixta-Coordinación.

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.

Reunirase en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión compartida das accións promocionais.
- Elaborar o orzamento anual.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, se é o caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión compartida das accións promocionais.

Sexta.- Subvencións e axudas.

Para a xestión compartida das accións ACÓRDASE a solicitude de convenios, subvencións e axudas convocadas por calquera administración ou entidade.

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o nomeamento do representante único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiarios, corresponden aos concellos asinantes.

Sétima.- Financiamento.

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo/a interventor/a do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Comisión Mixta no mes de outubro de cada anualidade. Para o exercicio 2023, ano de fundación, a achega de cada membro da agrupación de Concellos da Ruta Rosaliana `As Pegadas de Rosalía` será como máximo de 2.000 €.

Todo isto sen prexuízo de que se poda establecer cotas extraordinarias ou outras achegas que consideren necesarias, así como nos exercicios posteriores. Estas achegas terán un límite máximo de 1.000 € por anualidade.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será a partes iguais entre os concellos asinantes..

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do

cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Oitava.- Causas de resolución.

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento do obxecto do convenio.

Novena.- Vixencia do convenio.

Entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante a totalidade do período de execución ata 31 de decembro de 2023 e prorrogándose automaticamente cada ano senón hai denuncia por ningunha das partes.

Décima.- Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito.

Décimo primeira.- Normativa aplicable.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo segunda.- Protección datos de carácter persoal.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

O Concello designado no Anexo ostentará a condición de encargado de tratamento dos datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da execución das actividades encomendadas.

Décimo terceira.- Xurisdición competente.

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio

O Alcalde de Ames.- xxxxxxxxxx

O Alcalde de Brión.- xxxxxxxxxx

O Alcalde de Dodro.- xxxxxxxxx
O Alcalde de Padrón. xxxxxxxxxx

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA".

Concello designado para a solicitude, xestión e xustificación de subvencións, contratación de subministracións, servizos ou obras, contratación de persoal e demais tramitacións administrativas: Concello de Padrón.

Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa entidade pertinente. Alcalde do Concello de Padrón.

Asdo. Alcalde do concello de Padrón, don xxxxxxx; Alcalde do concello de Ames, don xxxxxxx, Alcalde do concello de Brión, don xxxxxxx, e Alcalde do concello de Dodro, don xxxxxxx>>

4º) Designar como representantes políticos do Concello de Brión ao alcalde de Brión, e a María Guarina Rey Vázquez, concelleira competente en materia de turismo, ou persoas que legalmente as substitúan, e como representante técnico ao xestor cultural-coordinador do Concello de Brión, na Comisión mixta de coordinación prevista na cláusula quinta do convenio.

5º) Dar traslado deste acordo ao Concello de Padrón.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13.06.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 18.06.2024, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2023 a abril de 2024, que é do: 3,30%, polo que a actualización das tarifas será polo: 2,81%.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010,

22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015, 03.08.2016, 16.08.2017, 16.08.2018, 22.08.2019, 11.08.2020, 16.12.2021, 10.08.2022 e 04.10.2023, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

1.2 TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,114255 € / m ³
Servizo de depuración	0,246548 € / m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,114255 € / m ³
Servizo de depuración	0,246548 € / m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	1,142572 €/abo. Mes
Depuración	2,465492 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,114255 € / m ³
Servizo de depuración	0,246548 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	421,43 €/ud
Zanxa en asfalto	470,43 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	528,52 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día

seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) MOCIÓNS.

Aprobose por unanimidade dos nove membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

5.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI.

O Sr. Concelleiro Penas Corral da lectura á moción, que transcrita di:

Exposición de motivos:

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganoso, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas.

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Brión presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes **acordos**:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da mafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Exixir ao goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraían poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que o noso grupo comparte o rexeitamento á instalación de calquera iniciativa que supoña unha afección para o noso medio ambiente ou para a saúde de veciñanza. Xa o temos demostrado sobradamente, pero sempre coa lei por diante, porque non podemos aprobar esta moción tal como está redactada, sobre todo o punto número 2 dos acordos, porque nós non somos quen para pedirlle a ningunha administración que informe negativamente a un proxecto, porque quen emite os informes positivos ou negativos sobre un proxecto son os técnicos, non os políticos, e baseados en datos obxectivos, non é unha decisión política, o que vostede nos está a pedir nesta moción é que instemos á Xunta a prevaricar e iso non o imos facer. Supoño que xa será consciente disto porque non hai moitos días se presentou esta moción en Santiago e foi retirada polo seu grupo por esta mesma cuestión.

En canto ao punto 3, postos a esixir ao goberno alternativas para a dinamización socioeconómica do territorio, o noso grupo considera que o noso deber é o de pedir isto para o Concello de Brión e a súa veciñanza, e non para outros municipios, polo que se decide eliminar os puntos 2 e 3, o noso voto será a abstención para a que a súa moción poida saír adiante, pero se non os elimina o noso voto será negativo, por todo o exposto.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que imos votar en contra, por varios motivos; así por exemplo, hai que dicir que empregará celulosa de eucalipto galego certificado, porque creará sobre 2.500 postos de traballo directos e ata 7.000 postos de traballo vencellados a esa instalación, e incentivará a formación dos traballadores con plans de prácticas ambientais e forestais; engade que o BNG antes apoiaba esta instalación e agora está en contra, como fixo no seu día coa AP-9, con Finsa ou Inditex, e remata sinalando que nós aínda que retire eses dous puntos que dixo o PSG-PSOE votaremos en contra.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o BNG non cambiou, o que cambio foi o proxecto; e do persoal que ía xerar agora imos pola metade, das cuestións medio ambientais non dixeron vostedes nada, e en canto ás contradicións do PP non imos falar porque incluso coa AP-9 di unha cousa en Madrid e outra en Santiago.

Engade o Sr. Concelleiro que o PSOE en varios concellos votou a favor e noutros se abstivo, e teño que dicir que unha moción similar se aprobou na Deputación e era aínda máis reivindicativa; o noso partido non vai mudar eses puntos, tampouco se nos comunicou nada antes do Pleno, é unha moción xenérica que se está a votar en todo o país e se o PSOE non quere votar a favor é a súa decisión.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 1, pertencente ao grupo municipal do BNG (1).

Votos en contra: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5) e PP (3).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

5.2. DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PP POLO QUE COMUNICA A DESIGNACIÓN DE COMPOÑENTES EN COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DE REPRESENTANTE NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ao escrito asinado pola portavoz do grupo municipal do Partido Popular de data 18.06.2024, presentado no rexistro do Concello con rexistro de entrada núm. 202499900000958, do 18.06.2024, polo que designan aos seguintes representantes:

1.COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA):

WALDO CARBALLO GARCÍA, titular.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ, suplente.

2. COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS:

TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ, titular.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ, suplente.

3. MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA:

1.1. Asemblea: -. Un representante do grupo municipal do PP designado polo grupo: WALDO CARBALLO GARCÍA.

O Pleno toma coñecemento.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

6.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Pregunta sobre a situación actual do parque do Tremo.

Xa hai meses procedeuse a unha poda “selectiva” de árbores no parque do Tremo. Diante das queixas da veciñanza polo descoñecemento dos traballos puxémonos en contacto co equipo de goberno para informarnos. Despois de varias conversacións directas co alcalde comprometeuse a ter unha xuntanza cos grupos da oposición para informarnos das podas e sobre todo das dúbidas sobre as titularidades dos terreos e a previsión de futuros usos dos mesmos, tanto o propio do bosque como os terreos anexos ao parque e as vivendas da urbanización. Meses despois non tivemos coñecemento ningún, nin nós nin a veciñanza sobre movemento ningún nin temos información algunha sobre como está este tema. As preguntas son:

- Como remata o tema da poda e futuras podas?
- Cal é a titularidade definitiva de todos os terreos afectados?
- Cales son os usos futuros dos terreos?
- Cando se pensa informar aos veciños directamente afectados sobre toda a problemática e escurantismo que rodea a toda esta situación?

A Sr^a. Concelleira Cebreal Gómez sinala que a poda que se fixo foi en terreo público municipal e ordenada por parte do Concello á empresa promotora do balneario, xa que entendemos que é quen está obrigada a facelo en virtude do convenio e da cesión derivada do planeamento aprobado no seu día, do que resultou a previsión deste espazo público (Plan Especial e Estudo de Detalle). A empresa acatou a nosa petición e cortou os eucaliptos e mantivo os carballos.

Unha vez que o terreo quedou en boas condicións e que a empresa promotora cumpriu a súa obriga, a partir de agora as actuacións futuras de mantemento deste espazo serán acometidas polo Concello.

En canto á titularidade, dos documentos que temos no Concello derívase que existe unha discrepancia sobre á titularidade dos terreos destinados a espazo libre privado, xa que por unha banda, no planeamento figura unha parte como de dominio público e outra parte como privado, sen embargo, tanto no inventario de bens como no catastro figura todo o terreo, tanto o de uso público como o de uso privado, como de titularidade pública; estamos tratando de resolver esta cuestión de común acordo coa empresa promotora.

Podo adiantarlles que na zona que, segundo o planeamento é zona libre privada, estamos a expor a posibilidade de destinar unha parte a aparcamento. En último termo, se non se acadase un acordo coa empresa, o Concello inscribiría todo o terreo destinado a zona libre ao seu nome no Rexistro da Propiedade, e se a empresa non está de acordo, poderá reclamar diante do tribunais de xurisdición civil, que son os competentes para resolver este tipo de discrepancias.

Respecto do tema dos usos, o uso de todo este espazo é o de zona libre: unha parte como zona verde pública e outra parte como espazo libre privado.

Finalmente, á pregunta de cando imos informar á veciñanza, podo dicirle que cando a cuestión estea resolta, agardamos que sexa en breve, pero sempre cando rematemos o proceso de negociación; nese momento, trasladaremos a información tanto á veciñanza como aos grupos municipais presentes neste Pleno. Como ve, non hai escurantismo ningún, señor Penas; simplemente hai un proceso de negociación aberto e para resolver unha situación herdada do pasado, que deriva dun planeamento aprobado hai máis de vinte anos (o Plan Especial é de 1997 e o Estudo de Detalle do 2001) e, polo tanto, moi anterior ao inicio da nosa xestión. Mentres o proceso de negociación siga aberto, parece lóxico que nos temos que limitar a contarlles o estado da cuestión, como estamos a facer. Unha vez que este proceso remate, darase conta tanto ao Pleno como aos veciños do seu resultado.

2. Pregunta sobre a situación dos elementos retirados da carballeira de Santa Minia.

Xa hai meses comezaron os traballos de retirada dos carballos enfermos da carballeira de Santa Minia, houberon naquel momento suxestións e propostas, algunhas do noso propio grupo, para facer cos carballos en cuestión (co que quedaba deles), a pregunta é: que se fixo coa madeira dos carballos, que proposta finalmente se vai ter en conta ou en todo caso cal é a resolución do concello.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como sabedes, estamos traballando na repoboación parcial da Carballeira de Santa Minia, que incluíu a retirada de doce carballos e da terra sobre a que se asentaban, xa que estaban infectados por Armillaria. No momento da tala e cando se estaban recollendo os troncos e a ramaxe para o seu transporte, puido comprobarse que os carballos estaban en moi mal estado.

Todo este material non pode entrar en contacto con ningún terreo, xa que supón un perigo para a saúde dos mesmos, por iso, os troncos moi danados e toda a ramaxe foron recollidos para a súa destrución; as únicas excepcións serán uns troncos que foron seleccionados con especial coidado de entre os que mellor estado de saúde presentaban e que se destinarán, tal e como se suxeriu no seu momento nas reunións abertas á veciñanza, a ter unha lembranza destes magníficos exemplares; esa madeira, despois de ser tratada, será entregada ao escultor e artista Camilo Seira, que se encargará de elaborar un traballo artístico que será exposto no seu

momento nalgún dos edificios municipais como memoria e homenaxe da carballeira centenaria de Brión.

6.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Dende que se arranxou a estrada das aldeas de Xinzo e Beca (na parroquia de Bastavales) son varios os veciños que nos reclaman que en dita vía deixáronse moitas fincas sen entradas que antes tiñan acceso, as cales agora só se pode acceder con tractores grandes, posto que maquinaria agrícola pequena na maioría das fincas e moi complicado acceder.

Ditos veciños comentan que xa se fixeron escritos ultimamente pero de momento sen obter solucións.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que nesa zona que sinalan executouse un proxecto feito por unha empresa no que, como sempre, tivéronse en conta as entradas existentes, documentadas ademais fotograficamente, para que, en caso de que sufrisen danos, poidan ser repostas. Aínda así, se algunha se nos escapou e quedou sen repoñer, agradecemoslle que nos indiquen cales son para proceder ao seu arranxo.

2. Tamén piden que cando se limpan as cunetas nesas aldeas se limpen tamén as arquetas de recollida de augas pois cando chega o inverno con catro días de chuvia empezan a botar por fora e a auga corre polo medio da estrada durante meses.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que non está hoxe aquí o concelleiro de obras, que ten un plan de limpeza anual organizado, pero en canto se reincorpore farémolle saber estas peticións para que lles dea prioridade.

3. Tamén os veciños da aldea de Xinzo reclaman que nos últimos anos construíronse moitas casas novas na zona, o cal conleva máis lixo, polo que piden que na medida do posible se lle aumenten os contedores, (agora mesmo hai un só) aínda que o camiión pasa tres veces á semana, o lixo os fins de semana amontóanse fora do mesmo, dando cheiros e bolsas rotas. Reclaman que cuns contedores máis grandes sería doado de solucionar ese problema.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos conscientes que algúns dos núcleos do noso Concello creceron; aínda así, para incrementar o número de contedores, faise unha valoración do ratio por número de habitantes; cada contedor de máis supón un incremento no gasto público ao ano, co cal ten que estar xustificado; de todos xeitos, notificaremos isto á planta para que volvan facer un estudo.

4. Así mesmo, varios veciños de varias aldeas como en Viceso, Ons ou Guldrís entre outras, que reclaman a limpeza das cunetas que con estas chuvias destes días están cheas de maleza e atáscanse.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como no punto número 2, tomamos nota, e intentaremos ser áxiles.

5. Como xa trouxéramos máis veces a este pleno a entrada á aldea de Guisande está en moi mal estado, cal é a previsión que se ten desde o Concello de arranxar a mesma?, cando vai a intervenir a empresa en quitar os postes que hai na estrada e o arranxo da beirarrúa e na vía.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en canto ós postes que están na senda xa feita, a empresa ten a obriga de retiralos, de feito, hoxe os técnicos municipais teñen unha reunión na zona coa arquitecta da empresa promotora. Como xa se comentou en plenos anteriores, temos moitos proxectos preparados á espera de executar; este é un deles, e consistirá, entre outras cousas, en humanizar a zona.

Ademais, existe un proxecto para facer novas vivendas, o cal estamos á espera de que se realice, para proceder ó entubado das cunetas, rede de sumidoiros, creación de sendas e arranxo da estrada.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González